

XXXV TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

Organiza:

Concello de Oleiros

Correo electrónico: deportes@oleiros.org

Teléfono: 981 610 000

Colaboran:

Federación Galega de Triatlón

Protección Civil do Concello de Oleiros

Policía Local do Concello de Oleiros

Garda Civil de Tráfico

Data e horario da carreira:

Sábado 24 de Maio 2025

Saída ás 16:00 h

Distancia:

Para todas as categorías, sprint:

750 m de natación – 21 Km en bicicleta – 5,5 Km de carreira a pé

Participación:

Neste triatlón poderán participar:

- Todos/as os/as deportistas con licenza de triatlón en vigor ou que tramiten licenza temporal de un día na Federación Galega de Triatlón.
- Para os efectos de control organizativo o número máximo de participantes será de 230.

Categorías (H/M):

Absoluta (Xeral), Xuvenil (2008-2009), Junior (2006-2007), Sub-23 (2002-2005), Veterán 1 (1976-85), Veterán 2 (1975-1966), Veterán 3 (1965 e anteriores)

Calendario de inscrición:

Do Luns 21 de abril ás 10:00 horas ata o luns 19 de maio ás 23:59 horas abrírase o prazo de **inscrición** na web: <https://ccnorte.com/evento/detalle/id/3029/xxxv-triatlon-concello-de-oleiros>

- A organización reservará 5 prazas para triatletas das categorías Xuvenil, 5 Junior e 25 prazas para mulleres. Esta reserva manterase ata o mércores 7 de maio ás 14:00h.
 - O custo da inscrición para as persoas participantes é de **15 euros**. As persoas **non federadas** deberán tramitar ademais a **licenza temporal de un día** a través da web da Federación Galega de Triatlón no seguinte enlace: <https://www.rockthesport.com/es/evento/xxxv-triatlon-concello-de-oleiros-tramite-licencias-1-dia>
 - Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario e xuntar o documento de protección de datos cuberto e asinado (poderán descargar na seguinte ligazón: <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>) e a copia do DNI en Vigor. O abono da licenza de 1 día (20€ adultos / 6 € menores de 16 anos) farase con tarxeta bancaria a través de TPV.
- Agás por causa imputable á Administración, non se fará a devolución do importe da inscrición.

Saída, Transición e meta:

No parque A Lagoa de Mera, situado detrás da praia de Mera.

Recollida de dorsais:

Entrega de dorsais o mesmo día da proba de 13:00 a 15:00 h no parque A Lagoa de Mera.

Control de material

de 14:45 a 15:30 h.

Para acceder ao control de material será obrigatorio acceder con todos os dorsais colocados e identificarse con DNI ou documento oficial con foto

Hora de remate da proba: ás 18:00 horas aproximadamente.

A cronometraxe da proba realizarase por medición electrónica.

Premios:

Trofeo ao primeiro/a da clasificación absoluta masculina e feminina da proba.

Medalla ao segundo/a e terceiro/a da clasificación absoluta masculina e feminina da proba.

Nas restantes categorías tamén se entregarán medallas aos/as tres primeiros/as clasificados/as. Non haberá duplicidade de premios.

A entrega de premios/as farase ao remate da proba.

Todos/as os/as participantes recibirán unha agasallo conmemorativo do XXXV Tríatlon Concello de Oleiros

Publicación de listaxe de inscrición:

O xoves previo á proba publicarase na web da FEGATRI a listaxe provisional de inscrición, contra a que caben reclamacións por erros de manexo federativo dos datos. O venres publicarase a listaxe definitiva de inscrición. Esta será firme e xa non admite ningunha modificación ou cambio.

Reunión Técnica:

O xoves previo á proba publicarase na web da FEGATRI un documento coa reunión técnica da proba onde se desenvolverán todos os detalles finais da competición, protocolos, fluxos, tempos de saídas,...

Aparcadoiro:


Aparcadoiros públicos en avenida Curros Enríquez despois da zona de transición e Avenida María Pita antes da zona de transición (a 500m. da zona boxes. Os vehículos non se poderán retirar deste aparcamento ata que non se abra a circulación ao tráfico).

Normas de competición:

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento oficial de competición da Federación Galega de Tríatlon


XXXV TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

BOXES




XXXV TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

TRANSICIÓN CICLISMO



XXXV TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

NATACIÓN 1 VOLTA, 750 m



Primeiro sector / 750 m de natación

Discorrerá na praia de Mera sobre un círculo de 750 metros ao que se dará unha volta. A saída farase desde a praia Santa Ana ata as balizas deixando estas sempre a man dereita.

A proba estará controlada por varias lanchas motorizadas e varias piraguas.

Os/as primeiros/as triatletas completarán este primeiro sector en aproximadamente **10** minutos/as e os/as últimos/as rematarán ás **16:25 h.**

Os/as triatletas dispoñen de 25' para completar o percorrido de natación. A partir dese tempo os/as triatletas quedan fóra de carreira.

XXXV TRIATLON CONCELLO DE OLEIROS

CICLISMO 4 VOLTAS, 21 Km



Segundo sector / 21 Km en bicicleta


Estímase que comezará as 16:15 h. O inicio da proba farase saíndo do aparcamento cara á avenida María Pita e continuando pola avenida República Arxentina (Vial autonómico AC-173) o punto de retorno será na parada de autobús de Lourido para volver por esta mesma estrada. Faranse **4 voltas** a este percorrido. Unha motocicleta estará na cabeza da carreira.

Os/as primeiros/as triatletas completarán o percorrido aproximadamente ás **16:50 h** e os/as últimos/as ás **17:15 h**. Chegarán a boxes para deixar a bicicleta e iniciar o terceiro sector. Está prohibido tirar lixo ou desperdicios en todo o circuíto.

Os/as triatletas dispoñen de 90' para completar os percorridos de natación e ciclismo. A partir dese tempo os/as triatletas deberá retirarse da carreira.

XXXV TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS

CARREIRA A PÉ 4 VOLTAS, 5,5 Km



Terceiro sector / 5,5 Km de carreira a pé

Comezará saíndo dos boxes, situados no aparcadoiro, cara á avenida María Pita. A continuación xírase á esquerda continuando pola rúa Tierno Galván. O punto de retorno estará situado antes da inserción da rúa Tierno Galván coa rúa Río Campo volvendo polo mesmo percorrido. Faranse **4** voltas. En todo o percorrido o primeiro home e a primeira muller estarán acompañados/as por un ciclista. Está prohibido tirar lixo ou desperdicios en todo o circuíto. Os/as primeiros/as rematarán a proba ás **17:10 h** e os/as últimos/as ás **18:00 h** aproximadamente.